

V27 SET_ 20.00 H

XAMPATITO PATO

(GALICIA)

Só



DURACIÓN: 50 MIN | PARA TODOS OS PÚBLICOS | PRAZA DO CONCELLO | (EN CASO DE CHOIVA TRASLADARASE AO 2º ANDAR DO MERCADO MUNICIPAL)

Un personaxe obsesivo, cuadrículado, meticuloso e excéntrico.

Un ser único na súa especie rodeado dun sen fin de caixas que escapan ao seu control e coas que xoga para dar forma ao seu mundo.

Na súa vida nada é o que parece. O seu tempo pasa entre xogos, equilibrios imposibles, caixas dentro doutras caixas, caixas con vida

propia, pelotas que rebotan... Do caos xorde un universo delirante onde inventa a risa, creando unha tolemia cómica.

O autor desta investigación sobre malabares con caixas é un artista galego con traxectoria internacional, multipremiado e que está a ser unha das revelacións dos festivais de novo circo desta tempada.

Intérprete: Jesús Velasco
Dirección: Arturo Cobas e Jesús Velasco
Vestuario: Alicia Tojo
Escenografía: Cruz Velasco e Jesús Velasco
Diseño de iluminación: Flavia Mayans de la Morena

// MALABARES
IMPOSIBLES
QUE DESAFÍAN OS
SENTIDOS

V04 OUT_ 20.00 H

CÍA SINCRONACIDAS

(GALICIA)

OhLimpizadas



DURACIÓN: 50 MIN | PARA TODOS OS PÚBLICOS | PRAZA DO CONCELLO | (EN CASO DE CHOIVA TRASLADARASE AO 2º ANDAR DO MERCADO MUNICIPAL)

Pode unha xornada laboral de dúas limpadoras converterse nunha competición deportiva de alto nivel? Na vida destas dúas mulleres nada é o que parece. Aburridas da súa rutina diaria entran nun mundo de ensoñación onde a xornada laboral é retransmitida como competición olímpica pola coñecida comentarista de TVE Julia Luna.

Comedia e circo, clown, portés acrobáticos e danza, únense para crear un mundo absurdo e disparatado, mergullado cunha boa dose de humor. Proposta fresca e divertida desta nova compañía sobre a discriminación sufrida pola muller deportista e co que gañaron o Premio Fetén 2019 ao Mellor espectáculo de rúa.

// UN DÚO UN
TANTO
DESINCRONIZADO

Idea orixinal e interpretación: Mónica Suárez e Greta Marí
Vestuario: Carmen Hortas
Escenografía: Salva Neira
Voz en off: Julia Luna
Montaxe sonora: Sara Martínez
Dirección: Javier Ariza

S05 OUT_ 19.30 H

JEAN PHILIPPE KIKOLAS

(CASTELA E LEÓN)

Calor

ESTREA
EN GALICIA

ACCESO CON CONVITE. RECOLLIDA NA BIBLIOTECA REGO DA Balsa desde o 28 de setembro | DURACIÓN: 50 MIN | PARA TODOS OS PÚBLICOS | PRAZA DO CONCELLO | (EN CASO DE CHOIVA TRASLADARASE AO 2º ANDAR DO MERCADO MUNICIPAL)



Un ser sen fogar, viaxeiro involuntario forzado a deixar a súa casa, obrigado a marchar precipitadamente. Andantes sen tempo que viaxan coa determinación e a esperanza de atopar o seu novo fogar.

Combinando maxistralmente o clown coas artes circenses e o humor como canle, *Calor* crea un particular universo, onírico e poético, que nos fará

imaxinar, sentir, xogar e rir. Unha obra para todos os públicos, para vivir en proximidade, para sentir o calor das miradas, do alento e do tacto.

Kikolas é un clown que realizou actuacións por toda Europa e que presenta o seu segundo espectáculo unipersoal, co que está recollendo éxitos en festivais de toda a península.

Intérprete: Quique Méndez
Vestuario: Piti Demore
Atrezzo: Taller Guirigai
Escenografía: Jairo Fuentes e Violeta Ollauri
Iluminación: Sergio Izquierdo
Dirección: Quique Méndez, Leandre Ribera, Rubén Río, Javier García "Mimo" e Alex Britos

“ NÓMADAS DO NOSO TEMPO QUE ATRAVESAN O MUNDO BUSCANDO UN LUGAR, TANTEANDO A CEGAS SOCIEDADES E CULTURAS, CIDADES E POBOS ESTRANXEIROS...”

S12 OUT_ 19.30 H

VOL'É TEMPS

(ANDALUCÍA)

DistanS

DURACIÓN: 50 MIN | PARA TODOS OS PÚBLICOS | PRAZA DO CONCELLO | (EN CASO DE CHOIVA TRASLADARASE AO 2º ANDAR DO MERCADO MUNICIPAL)



Un pacto, un código secreto, unha cápsula do tempo, unha promesa... En 20 anos, no mesmo sitio á mesma hora, entre xogos, risas, fantasías e complicidade. *DistanS* fala de amizade, de recordos vivos no corazón, da fragilidade e do amor capaz de reconstruír as relacións, valores tan necesarios na sociedade actual.

Portés acrobáticos, corda frouxa, acrobacias, malabares, barra fixa, slapstick, teatro xestual, música en directo,

“ O TEMPO PASA E A DISTANCIA É INEVITABLE PERO NON TEN QUE SUPONER O ESQUECIMENTO

unha gran escenografía, instrumentos reciclados, dous virtuosos intérpretes e unha tenra historia crean este gran espectáculo, emocionante, divertido e único. Esta compañía andaluza percorreu múltiples países e os mellores festivais de Europa, e obtivo premios como o de FETEN 2019 ou o do Mellor espectáculo de Circo de Andalucía.

Intérpretes: Sara Ortiz y Albert Moncunill Ferrer
Deseño vestuario: Saray Angulo
Deseño de Iluminación: Almudena Oneto
Escenografía: Carlos Monzón
Creación coreografía: Vol'É Temps
Música orixinal: Daniel Maldonado "Sam"
Dirección artística e dramaturxia e musical: Lapso Producciones